



CAIXA RURAL
GALEGA

Informe do ano 2017

Caixa Rural Galega é unha Sociedade Cooperativa de Crédito de responsabilidade limitada de ámbito autonómico, inscrita no Rexistro Xeral de Cooperativas do Ministerio de Traballo co número 523, na Sección Central do Rexistro de Cooperativas da Dirección de Traballo e Promoción de Emprego da Consellaría de Traballo e Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número 68, e no Rexistro de Entidades Cooperativas de Crédito, dependente do Banco de España, co número 30 da Sección C, tendo a consideración de Caixa Cualificada.

Ten personalidade xurídica propia, e pode exercer toda clase de accións e operacións, gozando dos beneficios que legalmente lle corresponden. A responsabilidade dos socios fronte as obrigas sociais da Entidade é limitada. Por ser Caixa Rural Calificada pode asinar convenios de colaboración coas Entidades de Crédito Oficial, así coma obter os beneficios que reglamentariamente se determinen polo Ministerio de Economía e Facenda. Está acollida ó Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Unión Nacional de Cooperativas de Crédito, da Asociación Española de Caixas Rurales e das Entidades do seu grupo, Banco Cooperativo Español, Rural Servicios Informáticos e Rural Grupo Asegurado.

Órganos de goberno

· Consello Reitor

Presidente

D. MANUEL VARELA LÓPEZ

Vicepresidente

D. VENANCIO MANUEL ROCHA LÓPEZ

Secretario

D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO

Vogais

1º. D. ALBERTO CEPEDA SÁEZ

2º. D. DANIEL VILLAPOL BALEA

3º. D. JOSÉ LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ

4º. D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE

5º. D. SALVADOR MANUEL DIZ CERVIÑO

6º. D. ÁNGEL RAMIL CASTELO

7º. D. ANTONIO MOSQUEIRA RAÑÓN

8º. D. GUSTAVO ALBERTO DÍAZ CUESTA

9º. D. JOSÉ AQUILINO RODRÍGUEZ LÓPEZ

· Comisión Permanente

Presidente

D. MANUEL VARELA LÓPEZ

Vicepresidente

D. VENANCIO MANUEL ROCHA LÓPEZ

Secretario

D. ANTONIO RIVEIRA REQUEIJO

Vogais

D. JOSÉ LUIS LÓPEZ VÁZQUEZ

D. JOSÉ LUIS BENEDITO CASTELLOTE

D. ÁNGEL RAMIL CASTELO

· Director Xeral

D. JESÚS ANTONIO MÉNDEZ ÁLVAREZ-CEDRÓN

Servizo de Atención ao Cliente

A Entidade, dando cumprimento ao establecido na Lei 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financeiro e á Orde ECO/734/2004, do 11 de marzo, do Ministerio de Economía, sobre os Departamentos e Servizos de Atención ao Cliente e o Defensor do Cliente en determinadas Sociedades Cooperativas de Crédito, ten a disposición dos seus clientes o Servizo de Atención ao Cliente, regulado por un Regulamento de Funcionamento, aprobado polo Consello Reitor.

Durante o exercicio 2017, o Servizo de Atención ao Cliente rexistrou duascenas setenta e catro reclamacións, das cales duascenas setenta e unha foron atendidas polo Servizo de Atención ao Cliente e tres polo defensor do Cliente en determinadas Sociedades Cooperativas de Crédito, ó cal está adherido a Entidade.

Das reclamacións presentadas ante o servizo, foron admitidas a trámite duascenas setenta; de éstas, duascenas trinta e unha foron desestimadas e corenta estimadas. Polo que respecta ás reclamacións remitidas ó Defensor do cliente, foron todas inadmitidas.

Informe de auditoría externa

O noso auditor externo, Deloitte, S. L., emitiu, con data 13 de abril de 2018 o informe de auditoría das nosas contas anuais, que comprenden o balance ao 31 de decembro de 2017, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio terminado na devandita data.

A opinión do auditor foi favorable. Considera que estas contas anuais expresan a imaxe fiel do patrimonio e a situación financeira da Entidade ao 31 de decembro de 2017, así como os seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao devandito exercicio.

A reprodución completa deste informe de auditoría debe ser lida, para a súa adecuada comprensión e interpretación, xunto coas contas anuais e o informe de xestión correspondente ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2017, sobre as que opina, cuxos textos íntegros atópanse dispoñibles no apartado de Información Institucional de www.ruralvia.com/galega.

Fondo de Educación e Promoción

Durante o ano 2017 o Consello Reitor da Entidade, por delegación da Asemblea Xeral, acordou o patrocinio con cargo ao Fondo de Educación e Promoción de 63 actividades por un importe global de 204.642,63 euros coa seguinte desagregación .

Número de actividades	Importe concedido	Concepto
11	79.337,41	Fomento do cooperativismo
15	39.600,00	Fomento da actividade socioeconómica
10	27.300,00	Fomento da práctica deportiva
11	24.873,72	Actividades formativas
13	23.500,00	Actividades socioculturais
3	10.031,50	Accións sociais
63	204.642,63	TOTAL

Ratios

Crecedemento do balance 12,16% Alcanzamos un crecedemento de 107 millóns de euros respecto ó exercicio anterior.	Ratio de morosidade 7,42% Mantemos unha ratio de morosidade inferior á media do sector e reduciuse en máis dun 20% respecto do exercicio anterior.	Ratio de Solvencia Fully Loaded 12,35% Cumprimos cos niveis requiridos ó final do período transitorio.
Crecedemento dos depósitos da clientela 12,41% Ó cerre do exercicio 2017 atopábamonos preto dos 900 millóns de euros.	Crecedemento do investimento crediticio 5,31% A pesar do decrecemento que se observa no mercado, fomos capaces de manter o saldo do noso crédito concedido e mesmo aumentalo sensiblemente.	LCR 2119,54% Os nosos depósitos cobren o investimento crediticio e esta ratio indica que temos suficiente liquidez para facer fronte a salidas de efectivo durante 30 días. Debería de estar sempre por riba do 100%.

Informe para os socios

Un ano máis teño a honra de dirixirme a todos vostedes para dar cumprimento do mandato dos nosos estatutos e presentar o informe de xestión correspondente ao exercicio 2017 en nome do Consello Reitor de Caixa Rural Galega e do grupo de traballadores que fixeron posible os resultados que presentamos.

Quero utilizar este solemne espazo para honrar a memoria daqueles socios que nos deixaron ao longo deste ano e, así mesmo, expresar o meu máis profundo agradecemento a todos os socios e traballadores, que permitiron que o 2017 sexa un ano histórico para a Caixa.

Levamos anos de grandes desafíos na nosa sociedade pero especialmente para o sector financeiro. Este ano que analizamos, tamén; con gran incerteza e decisións traumáticas para moitos accionistas.

Caixa Rural Galega presenta, con todo, un exercicio como un dos mellores da súa historia, tanto no referente a volume de negocio como a resultados.


É histórico, porque xamais se alcanzaron cifras como as deste ano: Un volume de negocio que practicamente rolda os mil millóns de euros, con crecementos de máis do 12% e 5% en depósitos e investimento crediticio respectivamente, cifras que fixeron posible pechar o ano cos mellores beneficios da historia da Caixa, unha cifra próxima aos 3,6 millóns de euros, resultado que é froito do compromiso dos nosos socios e o traballo unido do noso excelente equipo humano.

A situación financeira da Caixa é, pois, moi sólida, pero non podemos durmirmos. As perspectivas indican que a economía mundial segue exposta a riscos e a incertezas. Enfrontámonos, ademais, a continuos cambios normativos, a intereses en negativo e marxes extremadamente baixas.


O ano 2018 será, polo tanto, unha vez máis de importantes desafíos. A nosa responsabilidade é cos socios e coa sociedade galega en xeral, cos que mantemos intacto o noso compromiso, esperando que, coa unión de todos, sexamos capaces de superar o próximo ano cos mesmos éxitos.

O Presidente do Consello Reitor

Evolución do número de socios




Distribución del Patrimonio Neto




Evolución dos resultados


Resultado do exercicio (miles de euros)



Evolución do número de empregados




Clasificación do risco crediticio por sector



Evolución da inversión crediticia e dos depósitos da clientela

(Saldo medios anuais en miles de euros)



Balances ao 31 de decembro de 2017 e 2016 (Miles de Euros)

ACTIVO	31.12.2017	31.12.2016
Efectivo, saldos en efectivo en bancos centrais e outros depósitos á vista	91.284	211.961
Activos financeiros mantidos para negociar	123	184
Derivados	123	184
Outros activos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	-	-
Activos financeiros dispoñibles para a venda	324.534	149.440
Valores representativos de débeda	313.479	139.627
Instrumentos de capital	11.055	9.813
Préstamos e partidas a cobrar	460.388	427.832
Préstamos e anticipos en entidades de crédito	9.279	10.253
Préstamos e anticipos á clientela	451.109	417.579
Investimentos mantidos ata o vencemento	77.378	62.348
Derivados - contabilidade de coberturas	-	-
Cambios no valor razoable dunha carteira con cobertura no risco de intereses	-	-
Inversións en dependentes, negocios conxuntos e asociadas	-	-
Activo material	20.238	14.945
Inmovilizado material		
De uso propio	11.165	11.174
Cedido en arrendamento operativo	-	27
Investimentos inmobiliarios	9.073	3.744
Activos por impostos	3.759	3.697
Correntes	1.249	294
Diferidos	2.510	3.403
Resto de activos	2.844	2.987
Activos non correntes e grupos alleable Elementos clasificados como mantidos para a venda	1.999	2.592
TOTAL ACTIVO	982.547	875.986
Pro-Memoria	78.430	87.903
Garantías concedidas	30.336	41.383
Compromisos continxentes concedidos	48.094	46.520

PASIVO E PATRIMONIO NETO	31.12.2017	31.12.2016
PASIVO	-	-
Pasivos financeiros mantidos para negociar	-	-
Pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados	-	-
Pasivos financeiros a coste amortizado	914.066	815.234
Depósitos de entidades de crédito	9.387	11.424
Depósitos da clientela	897.658	798.538
Outros pasivos financeiros	7.021	5.272
Derivados - contabilidade de coberturas	3.461	-
Cambios a valor razoable dos elementos cubertos dunha carteira con cobertura do risco de tipo de intereses	-	-
Provisións	1.420	1.596
Pensións e outras obrigacións de prestacións definidas post-emprego	1	1
Compromisos e garantías concedidos	418	193
Restantes provisións	1.001	1.402
Pasivos por impostos	2.691	3.310
Correntes	1	-
Diferidos	2.690	3.310
Capital reembolsable á vista	-	-
Outros pasivos	6.808	3.666
<i>Do que: Fondo de Obra Social</i>	<i>733</i>	<i>554</i>
Pasivos non correntes e grupos alleables elementos clasificados como mantidos para a venda	-	-
TOTAL PASIVO	928.446	823.806
PATRIMONIO NETO	-	-
Fondos propios	49.590	46.203
Fondo de dotación	7.814	7.775
Reservas de revalorización	1.605	1.587
Outras reservas	36.595	33.695
Resultado do exercicio	3.576	3.146
Outro resultado global acumulado	-	-
<i>Elementos que non poden reclasificarse en resultados</i>	<i>-</i>	<i>-</i>
Ganancias ou perdas actuarias en plans de pensións de prestacións definidas	-12	-
<i>Elementos que poden reclasificarse en resultados</i>	<i>-</i>	<i>-</i>
Derivados de cobertura	-35	-
Activos financeiros dispoñibles para a venda	4.558	5.977
Instrumentos de deuda	4.557	4.153
Instrumentos de patrimonio	1	1.824
TOTAL PATRIMONIO NETO	54.101	52.180
TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO	982.547	875.986

CONCEPTOS	Ingresos (Gastos)	
	2017	2016
Ingresos por xuros	14.989	15.252
Gastos por xuros	(1.612)	(2.533)
Gastos por capital social reembolsable á vista	-	-
MARXE DE XUROS	13.377	12.719
Ingresos por dividendos	671	543
Ingresos por comisións	2.491	2.495
Gastos por comisións	(23)	(24)
Ganancias ou perdas ó dar de baixa en contas de activos ou pasivos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados - neto	3.238	97
Ganancias ou perdas por activos ou pasivos financeiros mantidos para negociar - neto	68	68
Ganancias ou perdas por activos ou pasivos financeiros a valor razoable con cambios en resultados - neto	-	-
Ganancias ou perdas resultantes da contabilidade de coberturas - neto	-	-
Diferenzas de cambio - neto	20	32
Outros ingresos de explotación	1.177	1.009
Outros gastos de explotación	(4.552)	(1.751)
<i>Dos que: dotacións obrigatorias ó Fondo da Obra Social</i>	<i>(375)</i>	<i>(324)</i>
MARXE BRUTO	16.467	15.188
Gastos de administración		
Gastos de persoal	(6.200)	(6.115)
Outros gastos xerais de administración	(3.469)	(3.393)
Amortización		
Activo material	(443)	(443)
Provisións ou reversión de provisións	(217)	(1.335)
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos financeiros non valorados a valor razoable con cambios en resultados	(1.511)	(137)
Activos financeiros valorados ó custo	(4)	-
Activos financeiros dispoñibles para a venda	(25)	169
Préstamos e partidas a cobrar	(1.482)	(306)
Inversións mantidas ata o vencemento	-	-
RESULTADO DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN	4.637	3.765
Deterioro do valor ou reversión do deterioro do valor de activos financeiros	(46)	-
Ganancias ou perdas ó dar de baixa en contas de activos non financeiros e participacións netas	-	(9)
Ganancias ou perdas procedentes de activos non correntes e grupos alleables de elementos clasificados como mantidos para a venda non admisibles coma actividades interrompidas	(231)	(51)
GANANCIAS OU PERDAS ANTES DE IMPOSTOS PROCEDENTES DAS ACTIVIDADES CONTINUADAS	4.360	3.705
Gastos ou ingresos por impostos sobre as ganancias de actividades continuadas	(784)	(559)
RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS	3.576	3.146
Ganancias ou perdas despois de impostos procedentes de actividades interrompidas	-	-
RESULTADO DO EXERCICIO	3.576	3.146

Proposta de distribución de resultados do exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2017 (Euros)

	2017
RESULTADOS	
Beneficio neto	3.576.879,72
Provisión legal Fondo de Educación e Promoción (FEP)	374.860,34
Xuros a pagar aos socios por achegas de capital	-203.136,62
Total a distribuir	3.748.603,44
DISTRIBUCIÓN	
A Fondo de Reserva Obrigatoria	2.998.882,75
Fondo de Educación e Promoción (FEP)	374.860,34
Libre Disposición	374.860,34
	3.748.603,44
PROPOSTA ASAMBLEA SOBRE LIBRE DISPOSICIÓN	
A Fondo de Reserva Voluntaria	374.860,34

.....
Oficinas de Caixa Rural Galega

LUGO

LUGO, Servicios centrais	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, O.P. Urbana 1	Rúa Montero Ríos, 24-26
LUGO, Urbana 2	Rúa Doutor Ochoa, 1
LUGO, Urbana 3	Ronda das Fontiñas, 112
LUGO, Urbana 4	Rúa Afonso X O Sabio, 5-7-9
LUGO, Urbana 5	Rúa Poeta Curros Enríquez, 38
ABADÍN	Avda. Fanego Rojo, 11
ALFOZ	Mor - A Seara, 21
ANTAS DE ULLA	Avda. General Portomeñe, 19
BECERREÁ	Rúa Carlos III, 35
BEGONTE	Praza Hnos. Souto Montenegro, 4
O CÁDAVO	Avda. de Baralla, 53
CASTRO DE CARBALLEDO	Avda. de Os Peares, 35
CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA	Avda. de Outeiro de Rei, 1
CASTROVERDE	Rúa Rosalía de Castro, 53
COSPEITO	Rúa Cervantes, 2
CHANTADA	Avda. General Franco, 2
FOLGOSO DO COUREL	Rúa Deputación, 29
LOURENZÁ	Avda. do Val, 7
MEIRA	Praza do Concello, 3-4
MONFORTE DE LEMOS	Avda. de Galicia, 38
MOSTEIRO	Praza. de Galicia, 2
NAVIA DE SUARNA	Rúa Esteban Bilbao, 10
OUTEIRO DE REI	Praza do Concello, 3
PALAS DE REI	Travesía de la Iglesia, 3
A PASTORIZA	Avda. de Muimenta, 8
PÓBOA DE BROLLÓN	Avda. de José Antonio, 66
PÓBOA DE SAN XIAO	Avda. de Valdriz, 15
RIBADEO	Rúa Villafranca del Bierzo, 11
SARRIA	Rúa Diego Pazos, 21
SAN ROMÁN	Rúa Diputación, 4
SAN COSME DE BARREIROS	Ctra. General, 56
TABOADA	Avda. de Lugo, 86
VILALBA	Travesía de los Castros, 2

A CORUÑA

A CORUÑA	Rúa Francisco Mariño, 2
MELIDE	Ronda da Coruña, 50
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Santiago de Guayaquil, 1

OURENSE

OURENSE	Avda. de la Habana, 4
ALLARIZ	Rúa Alfredo Nan, 1
O CARBALLIÑO	Rúa Curros Enríquez, 27
CELANOVA	Rúa Emilia Pardo Bazán, 37
VIANA DO BOLO	Rúa San Roque, 14
XINZO DE LIMIA	Avda. de Orense, 22

PONTEVEDRA

CAMBADOS	Avda. Vilariño, 1
LALÍN	Rúa Puente, 1
VIGO	Rúa Policarpo Sanz, 10
VILAGARCÍA DE AROUSA	Praza de Santa Eulalia, 16

CIF: F-27005164

DOMICILIO SOCIAL:

Rúa Montero Ríos 24-26, 27002 – Lugo

Teléfono 982 280 220

www.caixaruralgalega.gal

www.ruralvia.com/galega

caixaruralgalega@caixaruralgalega.gal